

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PRAZAS DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DA CORUÑA PARA O VERÁN 2023

### 1. OBXECTO

É obxecto destas bases é a regulación da convocatoria das prazas ofertadas dentro dos campamentos deportivos de verán organizados polo Concello da Coruña durante o verán do ano 2023, así como o establecemento das normas para o correcto desenvolvemento dos campamentos.

### 2. PERSOAS DESTINATARIAS

Nenos e nenas nados entre o **1/01/2010** e o **31/12/2017**

Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional. Existe a posibilidade de contar con intérprete de lingua de signos.

Terán preferencia para a obtención dunha praza os e as menores empadroados/as na cidade da Coruña cuxos proxenitores/as ou titores/as teñan que traballar durante a quincena na que solicitan os campamentos. O Servizo Municipal de Deportes poderá requiririlles a documentación acreditativa de que efectivamente teñen que traballar durante a quincena na que solicitan o campamento.

O Servizo Municipal de Deportes realizará de oficio a comprobación do padrón municipal no requisito de empadroamento do/a menor.

No caso de que se produza un engano na declaración responsable que se debe presentar asinada para realizar a inscrición, o/a menor perderá o dereito a obter unha praza nos campamentos deportivos municipais.

### 3. LUGAR DE REALIZACIÓN

Os campamentos terán como sede catro instalacións deportivas municipais:

- **Campamento de Riazor:** no Polideportivo Municipal Multiusos de Riazor (antigo Frontón)
- **Campamento de Novo Mesoiro:** no Polideportivo Municipal de Novo Mesoiro
- **Campamento do Barrio das Flores:** no Polideportivo Municipal do Barrio das Flores
- **Campamento da Torre:** no Frontón da Cidade Deportiva de A Torre

Estas sedes se utilizarán como punto de entrega e recollida dos nenos e das nenas. Intentaranse realizar actividades ao aire libre, para o cal se poderán desprazar a outras instalacións deportivas.

Ademais, poderanse programar excursións e andainas a puntos e de interese da cidade.

Haberá autobús para realizar algunha das saídas.



#### 4. QUENDAS

Os campamentos deportivos municipais organízanse por quincenas, desde o 1 de xullo ata o 31 de agosto, de luns a venres. Non se realizarán campamentos as fins de semana nin os días festivos.

Poderase escoller entre as seguintes quincenas:

**1ª quenda:** Do 1 ao 15 de xullo

**2ª quenda:** Do 16 ao 31 de xullo

**3ª quenda:** Do 1 ao 15 de agosto

**4ª quenda:** Do 16 ao 31 de agosto

#### 5. HORARIOS

As actividades dos campamentos desenvolveranse de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Poderá solicitarse o horario ampliado, coa posibilidade de entrega dos e das menores ás 08:30 e de recollida ás 14:30 horas (unha ou ambas opcións).

#### 6. NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS

Ofértanse un **total de 960 prazas**, que supoñerán 240 prazas por quendas, coa seguinte distribución:

- Campamento de Riazor: 120 prazas.
- Campamento de Novo Mesoiro: 48 prazas
- Campamento de Barrio das Flores: 48 prazas
- Campamento de A Torre: 24 prazas

Esta distribución poderá sufrir variacións en función da demanda e do aforo das instalacións.

#### 7. PREZO

O prezo dos campamentos deportivos municipais é de **25 euros por cada quenda e menor**.

A solicitude do horario ampliado non supón un maior custe para a familia.

O pago realizarase conxuntamente coa inscrición no campamento de forma telemática a través do enlace que se publicará na web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) ou de forma presencial, nos rexistros de deportes (recomendable pedir cita previa)

As persoas que durante o prazo establecido non teñan formalizada a inscrición do/a menor, entenderase que renuncian á praza obtida e procederase a activar a listaxe de agarda.



## 8. PREINSCRIPCIÓN

As preinscricións realizaranse os días **22, 23 ou 24 de maio de 2023** a través do formulario en liña que se colgará na páxina web municipal a través dos seguintes enlaces:

[www.coruna.gal/campamentos2023](http://www.coruna.gal/campamentos2023) ou [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

Poderase solicitar un máximo de 3 opcións, por orde de preferencia. Non se deberá solicitar unha quenda ou sede que non se desexa obter.

**No caso de que queira solicitar praza para varios fillos e/ou fillas**, e sempre e cando se desexe ter garantida praza para todos/as na mesma sede e quenda, deberase facerse o seguinte:

- Realizar unha inscrición por cada menor pertencente a unha mesma familia, na páxina web e de forma continuada no tempo. Nota: Enténdese que non se incumpre este requisito no caso de que se metera algunha solicitude polo medio como consecuencia de realizar a inscrición online.
- Realizar todas as inscricións relativas aos/as menores dunha mesma familia (irmáns e irmás) cun mesmo NIF, NIE ou número de Pasaporte correspondente ao pai, nai, titor ou titora.

No caso de que se detecte duplicidade de inscricións con distintos datos para un ou varios menores dunha mesma familia, poderase perder o dereito a obter unha praza nun campamento deportivo municipal.

No caso de detectar máis de unha preinscrición para unha mesma persoa, aceptarase a última recibida, entendéndoa como corrección da/s anterior/es. As realizadas con anterioridade quedarán desbotadas e non se terán en conta.

A dirección de correo consignado na preinscrición será o que se empregue sempre para as comunicacións durante o proceso.

## 9. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE SOLICITANTES E EMENDA DE ERROS

Publicarase a listaxe das persoas solicitantes o día **29 de maio de 2023**. Poderanse consultar nas páxinas web do Concello da Coruña [www.coruna.gal/campamentos2023](http://www.coruna.gal/campamentos2023) ou [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

No caso de que se observe algún erro na listaxe de solicitantes, poderase alegar enviando un correo electrónico, os días **30 e 31 de maio**, á seguinte dirección [programasdeportes@coruna.gal](mailto:programasdeportes@coruna.gal).

O correo electrónico sempre debe enviálo o mesmo proxenitor, titor ou titora que fixo a preinscrición e será obrigatorio deixar un teléfono de contacto.

Durante o prazo de emenda de erros non se permitirá o cambio de opcións de campamento nin se aceptarán novas solicitudes. Só se poderán emendar datos persoais consignados no formulario.

## 10. SORTEO E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS



Nos supostos en que logo de aplicar os criterios de preferencia, existisen mais solicitudes que prazas vacantes, celebrarase un sorteo público o **1 de xuño de 2023**, conforme ao seguinte procedemento:

Asignaráselle un número a todas as solicitudes presentadas por orde cronolóxica de chegada en orde ascendente, atendendo á marca temporal. No caso de que dúas solicitudes coincidan na mesma marca temporal ordenaranse alfabeticamente. Para ese orde non se terán en conta as preposicións nin artigos dos apelidos.

Para establecer a orde de adjudicación das prazas sacarase un número empregando a páxina web [www.echaloasuerte.com](http://www.echaloasuerte.com), ou a través do procedemento de insaculación, neste caso, obtendo un número para as unidades, decenas, centenas, unidades de millar, decenas de millar e demais díxitos que sexan necesarios ata obter un número con igual número de cifras que o total de solicitudes.

Para a adjudicación de prazas, terase en conta:

- I. Os criterios de preferencia establecidos no punto 2 destas bases.
- II. A orde de preferencia das quendas consignada no formulario de preinscripción.
- III. O número asignado ás solicitudes en función do número obtido no sorteo.

## **11. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EN LISTAXE DE AGARDA**

A listaxe das persoas que obtiveron praza e das que están na listaxe de agarda publicarase o día 6 de xuño de 2023 na web municipal.

Ademais, poderase obter información no teléfono 010 de atención á cidadanía.

## **12. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA OU RENUNCIA**

A formalización da inscrición será durante os días 7, 8 e 9 de xuño, facendo conxuntamente o pago e a presentación da documentación requirida:

→ Formulario da páxina web debidamente cumprimentado

Poderá realizarse de forma telemática a través do enlace que se publicará na web de deportes ou de forma presencial nos rexistros de deportes (recomendable pedir [cita previa](#)).

As persoas que durante o prazo establecido non teñan formalizada a inscrición, entenderase que renuncian á praza obtida e procederase a activar a listaxe de agarda.

## **13. XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA**

As comunicacións para os avisos de adjudicación de praza no caso das persoas en listaxe de agarda poderán realizarse a través do envío do aviso dun correo electrónico, onde se indicará o prazo que se lle da para a formalización da matrícula, sen prexuízo de que se poidan realizar chamadas telefónicas a maiores.



## 14. OUTRAS NORMAS

- a) Non se admitirán solicitudes que non impliquen participar nunha quenda completa.
- b) No caso de que o neno ou a nena non acuda ao campamento sen causa xustificada, poderase excluír de outras quendas que lle puideran corresponder.
- c) No caso de que o/a menor non poida acudir a unha quenda determinada por circunstancias xurdidas con posterioridade á inscrición, o pai ou nai ou titor/a deberá poñelo en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes para que poida ofrecer a praza a seguinte persoa da listaxe de agarda. Nese caso, o neno ou nena seguirá conservando a súa praza noutra quenda no caso de tela asignada.
- d) Cada neno e nena deberá acudir ao campamento cunha pequena merenda para tomar a media mañá, metida nunha bolsa ou mochila.